

A ORGANIZACIÓN DO CORPO HUMANO

NIVEIS DE ORGANIZACIÓN ESTRUCTURAL

Os seres vivos somos estruturas materiais complexas que, ao igual ca o resto de materia do universo, estamos compostos por átomos organizados dun xeito concreto. No caso dos seres vivos, a materia organízase en niveis do seguinte xeito

- **Niveis abióticos:** Trátase dos niveis de organización máis baixos, que non forman seres vivos por si mesmos. Estes niveis son:
 - **Nivel atómico:** Constitúe o nivel inferior. Os elementos que forman parte da materia viva denomínanse **bioelementos**. Os principais elementos da materia viva son: **carbono (C)**, **hidróxeno (H)**, **osíxeno (O)** e **nitróxeno (N)**.
 - **Nivel molecular:** O segundo nivel está constituído por moléculas, que son a unión de dous ou máis átomos. As moléculas que forman parte dos seres vivos denomínanse **biomoléculas**. Existen dous tipos de biomoléculas, as biomoléculas **inorgánicas** (comúns á materia viva e inerte, como a **auga** e os **sales minerais**) e as biomoléculas **orgánicas** (presentes unicamente na materia de orixe biolóxico, neste grupo atópanse os **glúcidos** ou hidratos de carbono, **lípidos**, **proteínas**, **ácidos nucleicos** e as **vitaminas**).
 - **Nivel organular:** as distintas moléculas asóciase formando orgánulos celulares, que cumpren as distintas funcións dentro da célula.
- **Niveis bióticos:** Os niveis superiores ao nivel organular poden levar a cabo por si sós ás 3 funcións vitais (nutrición, relación e reprodución) e polo tanto podemos consideralos como materia viva. Neste nivel atopamos:
 - **Nivel celular:** Trátase do primeiro nivel que presenta vida. As células constitúen as unidades máis pequenas que presentan vida, xa sexa individualmente como formando parte de organismos superiores.
 - **Nivel tisular:** Un conxunto de células similares que cumpren unha función coordinada denomínase **tecido**; os seres pluricelulares soen estar compostos por varios tipos de tecidos
 - **Nivel orgánico:** Un conxunto de tecidos forma un **órgano**, que cumpre unha función específica dentro do corpo dun ser vivo.
 - **Nivel aparato/sistema:** Un aparato ou sistema é un conxunto de órganos que actúan de xeito coordinado para levar a cabo unha función ampla dentro do corpo. A diferenza entre ambos é que un aparato soe presentar órganos moi diferentes entre si, mentres que un sistema soe estar representado na súa maioría por un so tipo de tecido.
 - **Nivel organismo:** Nos seres pluricelulares superiores, o conxunto de aparatos e sistema constitúen un organismo.

- **Niveis superiores:** Ao conxunto de organismos da mesma especie que habitan nun ecosistema denomínaselle **poboación**. Ao conxunto de todos os organismos, de todas as especies, que habitan nun ecosistema denomínaselle **comunidade**. Ao conxunto da comunidade, biotopo (axentes non biolóxicos como o aire, a auga, o terreo...) e a relación entre eles denomínaselle **ecosistema**. Un conxunto amplo de ecosistemas similares denomínase **bioma**; e no seu conxunto, os biomas do nos planeta compoñen a **biosfera**.



A CÉLULA E A TEORÍA CELULAR

A TEORÍA CELULAR


Dende as súas primeiras observacións no século XVII, a célula converteuse nun dos principais campos de estudo na bioloxía moderna; toda a rama da bioloxía que se centra no estudo da célula denomínase **citología**. Ao longo dos séculos XVIII e XIX postuláronse unha serie de principios que remataron en concluir nun gran marco teórico denominado “a teoría celular”.

A **Teoría celular** baséase nos seguintes postulados:

1. A célula é a **unidade estrutural** dos seres vivos: Todos os seres vivos están compostos por unha ou máis células.
2. A célula é a **unidade funcional** dos seres vivos: É a unidade mínima dun ser vivo que pode levar a cabo as funcións vitais básicas: nutrición, relación e reprodución.
3. **Toda célula provén doutra célula anterior.**
4. A célula é a **unidade xenética** dos seres vivos: Toda célula ten ADN coas características específicas do ser vivo e transmítense aos seus descendentes.

A célula é a unidade estrutural dos seres vivos porque todos os seres vivos están formados por células, aínda que non todos os seres vivos teñen o mesmo número de células. Segundo o número de células, hai dous tipos de seres vivos:

- **Unicelulares**, formados por unha soa célula. Por exemplo, as bacterias, algúns fungos e algunhas algas.
- **Pluricelulares**, formados por moitas células. Por exemplo, as plantas ou os animais.



ESTRUTURA DA CÉLULA



En todas as células distínguense estas **tres estruturas básicas**:

- A membrana plasmática é unha capa de lípidos e proteínas que envolve á célula. Encárgase de regular o paso de substancias entre o exterior e o interior da célula.
- O citoplasma é a parte da célula que está rodeada pola membrana. Está formado por un medio acuoso (citósol) no que flotan os orgánulos celulares. Os orgánulos son estruturas encargadas de levar a cabo diversas funcións.
- O material xenético (ADN) é substancia que contén a información hereditaria e controla o funcionamento da célula.


Desde o punto de vista estrutural, as células poden dividirse en:

- **Células procariotas:** Non teñen núcleo definido, O ADN non está dentro de de o núcleo, separado do resto da célula, senón que está disperso no citoplasma, nunha zona chamada nucleóide.
- **Células eucariotas:** Teñen núcleo. O ADN está separado do resto do citoplasma por unha membrana nuclear. Dentro das células eucariotas, distinguimos dous tipos de célula: a célula animal e a célula vexetal.

Célula procariota



Célula eucariota animal



Célula eucariota vexetal

As células eucariotas presentan unha complexidade e tamaño moito maior ca das células procariotas. No seu interior, as células eucariotas presentan multitude de elementos denominados **orgánulos** que cumpren as diferentes funcións que se levan a cabo na célula; podería dicirse que estes orgánulos son os órganos da célula. os principais orgánulos e as súas funcións son os seguintes:

ORGÁNULOS COMÚNS A ANIMAIS E VEXETAIS

ORGÁNULO	FUNCIÓN
Mitocondria	Leva a cabo a respiración celular, proceso que aporta enerxía para o funcionamento da célula
Ribosomas	Síntese de proteínas
Retículo Endoplasmático Liso	Rede de membranas sen ribosomas, síntese de lípidos
Retículo Endoplasmático Rugoso	Rede de membranas con ribosomas, síntese de proteínas
Aparato de Golgi	Sacos membranosos que empaquetan sustancias elaboradas por R.E

ORGÁNULOS EXCLUSIVOS DA CÉLULA VEGETAL


ORGÁNULO	FUNCIÓN
Cloroplastos	Realizan a fotosíntese.
Gran vacuola central	Almacena sustancias, en especial auga
Paredes celular	Está composta principalmente por celulosa. Proporciona rixidez á célula

ORGÁNULOS EXCLUSIVOS DA CÉLULA ANIMAL

ORGÁNULO	FUNCIÓN
Centriolos (conforman o centrosoma)	Dirixen o movemento do citoesqueleto e o movemento de los cromosomas (fragmentos de ADN que conteñen a información xenética) na división celular
Cilios e flaxelos	Prolongacións implicadas no movemento das células
Lisosomas	Pequenas vesículas que teñen enzimas digestivos e permiten dixerir sustancias (propias ou externas)

A DIFERENCIACIÓN CELULAR E OS TECIDOS ANIMAIS

A pesar de que todas as células do noso organismo posúen a mesma información xenética, esta información non se expresa igual en todas as células. Durante o desenvolvemento embrionario, as células eucariotas que nos conforman vanse convertindo en distintos tipos de células, especializando a súa anatomía e fisioloxía para cumprir funcións concretas. Ao proceso de cambio polo que unha célula se transforma noutra célula cunha función concreta denomínaselle **diferenciación celular**. A variedade de células que nos atopamos no noso organismo é moi elevada, polo xeral, as células similares e que cumpren unha mesma función asóciase formando o que denominamos **tecidos**. Un tecido é, por tanto, un conxunto de células que colaboran para levar a cabo unha función nun organismo e teñen un mesmo orixen embrionario. A rama da ciencia que se encarga do estudo dos tecidos denomínase **histoloxía**.



OS TIPOS DE TECIDOS ANIMAIS

No noso corpo, e nos animais en xeral, existen 4 grandes tipos de tecido:

- **Tecido Epitelial**
- **Tecido Conectivo**
- **Tecido Muscular**
- **Tecido Nervioso**

TECIDO EPITELIAL

O tecido epitelial está formado por un conxunto de células poliédricas planas moi unidas, sen deixar espazos entre elas, que tapizan as superficies corporais internas e externas, e que ademais forman glándulas. O tecido epitelial pode ser:

- **De revestimento.** Ten función protectora, cubrindo superficies internas (tubo dixestivo, vías respiratorias) ou externas (pel) do organismo. Os principais tecidos de revestimento do corpo son a epiderme (conforma a parte externa da pel), as mucosas (protexen certas cavidades como o tubo dixestivo ou as vías respiratorias) e o endotelio (recubre o interior dos vasos sanguíneos e corazón).
- **Glandular.** Formado por células especializadas en producir substancias que liberan ao exterior ou ao interior; normalmente forman acúmulos denominados glándulas. Cando liberan as

substancias ao exterior denomínanse glándulas **exócrinas** (como as glándulas sudoríparas ou salivares) e cando o liberan ao interior denomínanse glándulas **endócrinas** (como a tiroides ou o páncreas).

TECIDO CONECTIVO

O tecido conectivo é aquel que ocupa a meirande parte do espacio entre órganos, compón ademáis estruturas como os ósos e o sangue. Cumpre, de xeito xeral, función estrutural e de protección. Os tecidos conectivos están compostos por unha serie de células insertas nunha matriz que as contén. Existen varios tipos de tecidos en función do tipo de célula e de matriz, os tipos de tecido conectivo que podemos atoparnos son os seguintes:

Tecido conectivo	Células	Matriz	Función
Conxuntivo	Fibroцитos	Masa xelatinosa con abundantes fibras de coláxeno	Enche o oco entre órganos e forma estruturas como tendóns e ligamentos
Sanguíneo	Glóbulos vermellos (eritrocitos), glóbulos brancos (leucocitos) e plaquetas	Líquido composto principalmente por auga denominado plasma	Transporte de sustancias, regulación térmica, defensa inmunolóxica...
Óseo	Osteocitos	Masa sólida calcificada	Formar os ósos do esqueleto (locomoción e soporte). Albergar a medula ósea (a cal fabrica as células sanguíneas)
Cartilaxinoso	Condrocitos	Masa sólida e elástica con aspecto de cera (cartilaxe)	Evita o rozamento entre os ósos nas articulacións, serve de soporte durante o desenvolvemento embrionario e forma estruturas como as orellas
Adiposo	Adipocitos	Casi ausente, os adipocitos presentan un gran tamaño	Acumula lípidos (entre os que se atopan as graxas), co que cumpre función de reserva enerxética, protección contra golpes e illante térmico.

TECIDO MUSCULAR

O tecido muscular está formado por unhas células alongadas denominadas miocitos ou fibras musculares, caracterizadas pola súa capacidade para contraerse, polo que son as responsables do movemento do corpo, formando os músculos. Hai varios tipos de tecidos musculares:

- **Tecido muscular estriado:** A súa contracción é voluntaria, permite o movemento do esqueleto.
- **Tecido muscular liso:** A súa contracción é involuntaria, encárgase do movemento de órganos como o estómago ou o útero.

O tecido muscular **cardíaco** é un tipo de tecido muscular estriado pero de contracción involuntaria.

TECIDO NERVIOSO

O tecido nervioso está formado por células especializadas chamadas **neuronas** e outras células que colaboran con elas chamadas **células gliales** ou neuroglia. entre as células gliosis destacan os **astrocitos**, células que cumpren unha gran cantidade de funcións de soporte como alimentar as neuronas, recoller os refugallos etc.




O tecido nervioso forma o sistema nervioso, encargado da transmisión do impulso nervioso e da coordinación do funcionamento do organismo.

ÓRGANOS, APARATOS E AS FUNCIÓNS VITAIS

Varios tecidos que colaboran para realizar unha función determinada únense para formar un **órgano**, como o estómago, o corazón, o pulmón, o ril, ... O corazón, por exemplo, é un órgano formado por diferentes tecidos, pero coa mesma función, bombear o sangue a todo o corpo.

Os órganos preséntanse agrupados formando un **sistema ou un aparato**, realizando funcións concretas. É necesario aclarar que un mesmo órgano pode intervir en varios aparatos distintos, como os pulmóns, que forman parte do aparato respiratorio pero tamén colabora co circulatorio e co excretor.

Os distintos sistemas e aparatos funcionan coordinadamente nun conxunto que é o organismo humano, realizando as tres funcións vitais que realizan os seres vivos.



TERMINOLOXÍA BÁSICA EN ANATOMÍA APLICADA



Como acontece noutras ciencias, en anatomía nos enfrentamos a unha terminoloxía especializada. Os expertos en anatomía utilizan un conxunto de termos que permiten a localización e identificación das diferentes estruturas do corpo en apenas uns segundos.

Para describir as partes e rexións do corpo humano e para saber a relación entre os tecidos, órganos e sistemas, é necesario partir dunha posición de referencia denominada posición anatómica. Para iso, considérase que o corpo está de pé, cos brazos caídos preto do tronco e as palmas das mans cara adiante. Os nocellos e os pés están estendidos, cos talóns un pouco elevados e a punta dos pés cara adiante. Para rematar, a cabeza ten que mirar á fronte, ben ergueita e sen inclinacións.

PLANOS ANATÓMICOS

Son superficies imaxinarias que dividen ao corpo en seccións para a descrición e ubicación das diversas estruturas orgánicas. En anatomía topográfica, sobresaen os seguintes planos anatómicos.

- **Plano saxital ou lonxitudinal:** chámase así pola sutura saxital, que é unha articulación fibrosa tipo sutura na liña media do cráneo. Tamén coñecido **plano saxital medio**, divide o corpo en metades **dereita** e **esquerda**. Planos paralelos pero que non pasan pola liña media son denominados para saxitais.
- **Plano frontal ou coronal:** é calquera plano que pase a través do corpo paralelo á sutura coronal do cráneo, dividindo o corpo nunha porción **anterior** e outra **posterior**. Os planos coroneais son polo tanto, perpendiculares ao plano saxital e pasan a través da lonxitude do corpo.
- **Plano transversal ou horizontal:** son planos perpendiculares a ambos planos, saxital e coronal. Pasan polo ancho do corpo en dirección horizontal ó dirección transversal, similar ás rebanadas dunha hogaza de pan. Os planos transversais dividen ao corpo nunha sección **superior** e outra **inferior** e tamén son denominados plano horizontal, axial ó seccións transversais.



REXIÓNS DO CORPO

O corpo dos organismos superiores divídese en catro rexións, a cabeza, o pescozo, o tronco e as extremidades.

- **Cabeza:** está formada pola cara e o cranio.
- **Pescozo:** une a cabeza co tronco por medio das vértebras cervicais.
- **Tronco:** composto pola cavidade torácica (tórax), a cavidade abdominal (abdome) e a cavidade pelviana ou pelve.
- **Extremidades:** son apéndices pares, un dereito e outro esquerdo. A extremidade superior está formada polo brazo, o antebrazo e a man. Únense ao tronco a través da cintura escapular. As extremidades inferiores están compostas pola coxa, a perna e o pé. Se articulan co tronco a través da cintura pelviana.



TERMOS DIRECCIONAIS

Mediante a terminoloxía anatómica é posible describir todas as estruturas corporais para a súa identificación e localización. Lonxe de empregar termos vulgares como “enriba”, “embaixo” ou “ao costado”, que levarían a confusión debido á complexa estrutura dos organismos superiores, en anatomía emprégase unha nomenclatura especial e máis precisa.

CABEZA, PESCOZO E TRONCO


Os seguintes termos son utilizados cando se fai referencia a estas tres rexións, tendo en conta que o corpo está en posición anatómica.

- **Dorsal** (posterior): é todo aquilo que se dirixe atrás, é dicir, cara ás costas. A columna vertebral ten unha posición dorsal respecto do embigo. Nos animais cuadrúpedes a columna vertebral tamén está en dorsal, pero como se apoian no chan cos catro membros a columna queda situada cara arriba.
- **Ventral** (anterior): é o que se dirixe cara ao ventre, cara ao peito. Tomando o exemplo anterior, o embigo está en ventral da columna vertebral.
- **Cranial**: o que se dirixe cara ao cranio, ou sexa cara arriba nos bípedes e cara a adiante nos cuadrúpedes. O pescozo é cranial respecto do peito.
- **Caudal**: o que se dirixe cara ao coxe ou cola. Os ósos da cadeira sitúanse cara o caudal respecto do pescozo, é dicir cara abaixo nos bípedes e cara atrás nos cuadrúpedes.
- **Superficial**: significa que está máis preto da superficie corporal. As venas dos brazos son superficiais respecto dos ósos que o forman.
- **Profundo**: a posición é máis afastada á superficie do corpo.
- **Lateral**: o lateral é todo o que se afasta do plano medio. As costelas están cara a lateral dos pulmóns. As extremidades están en lateral do tronco.
- **Medial**: o que se achega ao plano medio.

EXTREMIDADES

Cando se fai referencia aos membros superiores e inferiores utilízanse os seguintes termos.

- **Proximal:** cando unha estrutura ou accidente está máis preto da unión da extremidade co tronco. O antebrazo está en proximal da man, porque está máis cerca do ombreiro. O xeonllo está en proximal da perna.
- **Distal:** cando se afasta do punto de unión co tronco. Por exemplo, a perna está en distal da coxa, porque está máis distante da articulación da cadeira.
- **Palmar ou voar:** utilízase para designar a palma da man.
- **Plantar:** designa á planta do pé.
- **Dorsal:** é a parte oposta á palmar e a plantar.
- **Lateral e medial:** teñen o mesmo significado que o usado para a cabeza e o tronco. Tendo en conta a posición anatómica descrita ao principio, o dedo pulgar (nº 1) está en lateral do dedo índice (nº 2). O dedo gordo (nº 1) é o máis medial de todos os dedos do pé.



Mans

Pés




CAVIDADES DO CORPO

As cavidades son espazos que lle dan forma ao corpo e serven para aloxar a órganos e sistemas. Teñen tres funcións principais: protexer, separar e soste os órganos internos. Nos organismos superiores distínguense as seguintes de acordo á rexión do corpo.


CABEZA

- **Cavidade cranial:** contén ao cerebro e protexe todas as súas estruturas nerviosas.
- **Cavidade orbitaria:** espazos onde se aloxan os globos oculares.
- **Cavidade timpánica:** situada no oído medio, contén aos tres osíños do oído (martelo, bigornia e estribo).
- **Cavidade nasal:** está dividida polo tabique nasal en dous fosas nasais dereita e esquerda. Sitúase en cranial da cavidade bucal e é o lugar de inicio do sistema respiratorio.
- **Cavidade bucal:** situada debaixo da cavidade nasal. Na cavidade oral ou bucal comeza o sistema dixestivo.



TRONCO

- **Cavidade raquídea:** esténdese desde a cavidade cranial ata a parte final da columna vertebral. A cavidade raquídea aloxa ao cerebelo no seu inicio e á medula espinal.
- **Cavidade torácica:** sitúase entre a base do pescozo e o músculo diafragma. As súas paredes están formadas polas costelas, os músculos intercostais e as vértebras torácicas cara a dorsal. Contén aos pulmóns, cada un encerrado nun saco membranoso chamado pleura. Entre o saco dereito e o esquerdo está o **mediastino**, separado por tecido fibroso, onde se sitúan o corazón, o esófago, a traquea, os bronquios...
- **Cavidade abdominal:** sitúase entre a cavidade torácica e a cavidade pelviana. Está encerrada polos músculos do abdome en case toda a súa extensión, salvo en dorsal onde se atopa a columna vertebral. A cavidade abdominal aloxa á maioría dos órganos do sistema dixestivo, aos riles, a porción inicial dos uréteres, o bazo...
- **Cavidade pelviana:** situada en caudal do abdome, é a parte final do tronco. Está formada polos ósos coxais e pola columna sacrococcíxea cara a dorsal (posterior). Contén á vexiga, o recto, o útero e os órganos reprodutores de ambos sexos.



EXTREMIDADES


- **Cavidade glenoidea:** De forma ovalada e cóncava, está no ángulo lateral do omóplata ou escápula (óso das costas). Recibe á cabeza do úmero para formar o ombreiro.
- **Cavidade cotiloidea:** Ampla depresión na parte externa do óso coxal onde se insere a cabeza do fémur, dando lugar á articulación da cadeira. Á cavidade cotiloidea coñécella tamén co nome de **acetábulo**.
- **Cavidade medular:** Presente na parte central dos ósos longos (úmero, fémur, tibia) onde se aloxa a medula ósea vermella en nenos, que máis tarde se transforma en medula ósea amarela nos adultos.
- **Cavidade articular:** É o espazo existente entre os ósos das articulacións móbiles (xeonllo, ombreiro, cóbado) e a cápsula articular. A cavidade articular contén **líquido sinovial** cuxa función, entre outras, é lubricar as superficies articulares.



INTERPRETACIÓN DA EVOLUCIÓN DOS CANONS DE BELEZA AO LONGO DA HISTORIA

A evolución dos canons de beleza ao longo da historia foi un proceso complexo e multifacético que estivo influenciado por unha serie de factores culturais, sociais e económicos. Estes canons de beleza refírense aos estándares estéticos que unha sociedade en particular considera como ideais nun momento dado. A continuación, descríbense e analízanse a evolución destes canons ao longo de determinados momentos históricos:

- **Prehistoria:** a interpretación dos canons de beleza na Prehistoria é máis especulativa debido á falta de evidencia escrita ou artística directa desa época. A análise de arqueólogos e antropólogos, baseándose principalmente en interpretacións do arte rupestre, parecen apuntar a que, entre outros, algúns dos canons de beleza foron:
 - En mulleres: eran valorados aspectos relacionados directamente coa reprodución e a fertilidade, como son as cadeiras anchas senos grandes e incluso unha figura robusta.
 - En homes: eran valorados aspectos relacionados coa forza física e a resistencia (musculatura, estatura...)



En ámbolos casos, parece ser que se valoraban características relacionadas directamente coa reprodución e coa crianza, é dicir, características relacionadas cunha ventaxa evolutiva dende o punto de vista reprodutivo e de supervivencia.

- **Antigüidade clásica:** en Roma e Grecia a beleza asociábase coa harmonía e a proporción. Os corpos esculpidos e proporcionados eran admirados tanto en homes como en mulleres. As características físicas ideais incluían a simetría facial e a pel clara. Nas mulleres, valorábase a palidez e a figura esbelta, mentres que nos homes, a musculatura e a estatura eran importantes.
- **Idade media:** durante a Idade Media en Europa, os canons de beleza estaban influenciados pola relixión. Valorábase a modestia e a pureza, e as mulleres debían ter unha figura robusta como sinal de saúde e fertilidade.



A beleza estaba fortemente relacionada coa moralidade e o status social, e as persoas con trazos inusuais ou pouco comúns a miúdo eran consideradas sospeitosas.



- **Renacemento:** durante o Renacemento, nos séculos XV e XVI, houbo unha variedade bastante significativa en canto ao canon de beleza. Por un lado, retomouse o interese pola simetría da antigüidade clásica. Tamén se valoraban especialmente as figuras femininas robustas e a palidez, así como a musculatura e a barba ben coidada no caso dos homes. Nas pinturas e esculturas atopamos cada vez máis interese na representación de obras humanísticas, neles aparecían todo tipo de figuras, dende figuras máis robustas (como nas pinturas de Rubens) ata proporcións e simetrías con porcións matemáticas concretas (como as esculturas de Miguel Ángel).



- **Século XIX:** Na época vitoriana, a beleza asociábase coa pureza e a modestia, con énfase na pel pálida e as curvas suaves. As mulleres usaban corpiños para lograr unha figura de reloxo de area, e a roupa restrinxida simbolizaba a virtude.



- **Séculos XX e XXI:** O século XX viu unha diversificación nos canons de beleza debido a factores como a globalización e a crecente influencia dos medios de comunicación. Houbo cambios significativos nas tendencias de moda e beleza, desde a imaxe flapper dos anos 20 ata a delgadeza extrema dos anos 90. No século XXI, a era dixital e as redes sociais cambiaron radicalmente a percepción da beleza. Agora, a beleza está influenciada por celebridades, influencers e filtros de beleza. Comezouse a avogar pola diversidade e a inclusión na representación da beleza, cunha maior aceptación da beleza en todas as súas formas, cores e tamaños.

